

(Para 17-18 anos)

### **Carlos Reigosa** novela a historia de **Pepa a Loba**

Comeza con *A xeito de como se fixo* (agradecementos). Logo vai contándonos as peripcias da sonada bandoleira. A súa infancia e mocidade, a súa convivencia e casamento cun vello cantineiro, a desgraza que a levou a presidio, o seu amor con Daniel, a fuxida e ... como logo vai montando o grupo de bandoleiros e a as súas falcatruadas. Todo moi ben contado. E un luxo, as ilustracións son de Miguelanxo Prado




Para maiores

### **O club da calceta**, **María Reimóndez**, Xerais, 271 páxs

Do mellorciño publicado no 2006. Lese moi ben, ten gancho e está moi ben narrada. Historias de mulleres escritas por unha muller para ler homes e mulleres. Seis mulleres acoden a un curso de calceta que organiza unha asociación veciñal. Son moi distintas pero todas sofren por algo. A calceta é o elo que as une e vai ir tirando polas súas historias. Son seis capítulos que comezan cun suceso tirado dun xornal e protagonizados por Matilde, Anxos, Rebeca, Elvira, Luz e Fernanda. O capítulo sétimo (xerseí) úneas a todas nunha tarefa común. O drama da muller que só ten unha perna e soña con ser condutora dos autobuses de Vitrasa, o da prostituta filla de prostituta que non ve saídas na súa vida, o da militante progre que vive cun militante progre que é moi pouco progre na súa relación, a que se deslomba limpando casas e investiga a estraña desaparición da súa tía Divinia (misterio que se nos desvelará preto do final), a secretaria guapa que quere ser outra cousa, a solteirona beata que non sae da igrexa. Detrás de cada unha delas hai unha fermosa historia? , ben seguro

## NOVIDADES INTERESANTES

LINGUA E LITERATURA GALEGA



**...na Biblioteca temos libros para ler e tamén para mirar... e dvds... e xogos... e internet...actividades e encontros e o ambiente máis acolledor do noso instituto..., ou non?**



**(Para 15 anos)**

**Un bosque cheo de faias, Francisco Castro, Everest,**

Tres mozos amigos e compañeiros de instituto (15 anos) van sempre ao mesmo bar xogar a partida e tomar unha coca... e falar: Alexandre, Manuel e Antón. Alexandre non atura o novo noivo da nai; Manuel é rapaz perfecto: coa nai, estudante, educado, sincero... Chega do Senegal un rapaz negro, Nelson, e Manuel faise amigo del para introduci-lo no ambiente e acaba indo tamén ao bar. Pero Nelson e o seu pai son asaltados por un grupo nazi que lles dá unha malleira. Hai indicios de que un dos asaltantes os coñece. quen será? Comezan as dúbidas e sucedense as sorpresas. Ben. Escrito. Lese dun tirón este libro..



**(Para 16 anos)**

**A cova das vacas mortas, Jaureguizar, Ed. Xerais, 129 p.**


Esta novela está protagonizada por Xoel, mozo de 16 anos que vive nunha comuna xunto ao encoro de Negueira de Muniz. Non sabe quen foi seu pai e a nai cultiva marihuana que vende en Lugo para logo gastar nas festas. El fala galego e español que aprendeu no colexio e coa nai aprendeu a lingua de Alemaña. Vai ao instituto, cruza o encoro en barca. Hai problemas porque agora que se abriu a estrada os vellos donos reclaman as casas abandonadas e a garda civil ten que desaloxar. Pero a Foxo chega o vello avó de Alemaña e todo vai cambiar. Trae unha súper 8 que grava todo, anda enfermo e ten que cambiar os cueiros cada pouco, fala sempre dunha cineasta que colaborou con Hitler... van empezar a pasar moitas cousas e de repente... demasiadas... ata chega Iria, unha fermosa moza da capital... e...Novela premio da F. Caixa Galicia de Literatura Xuvenil 2006. Lese dun golpe: o amor adolescente, o cine, a ecoloxía, a liberdade.



**(Para 12-13 anos)**

**O talismán dos druidas, Pepe Carballude, Everest, 109 p.**

O consello de anciáns do Nerios (castro de Amenarelle) ve próximo o ataque das lexións romanas mandadas por Décimo Xunio Bruto. O cego druída Arístides propón recuperar un talismán coa axuda dun mozo, Kanerez, que debe superar tres probas para ser o elixido. Convertido en U-xio pasará unha morea de aventuras loitando contra todo tipo de seres fantásticos e monstruosos, coñecerá a bela Briseida, montará en Euro e procurará o diamante das doce caras que salve o seu pobo do monstro que vive nas minas. Novela de aventuras fantásticas ambientada nos castros, ben contada e con ilustracións.



**(Para 13-14 anos)**

**A pomba e o degolado, Fina Casalderrey, Xerais. 171 p**

A pomba e o Degolado son os nomes dun rapaz e unha rapaza cando se comunican por internet. Pero todo comeza antes cando el estaba aínda no colexio e non chegara ao instituto de Marín. Vive os problemas de seu pai que un día desaparece e pronto chegará a separación, os regalos do pai ausente, as visitas a Pontevedra. André terá que ir madurando e sufrindo as burlas e falcatuadas dos típicos matóns que dominan a súa clase. A nai que non pode facer máis ca traballar e traballar. A irmá que está na adolescencia e tamén ten as súas. Pero... está o avó e o seu mundo de paxaros que domina toda a obra. O avó que lle regala internet, o que lle permita abrirse a un novo mundo, o messenger. Pero o avó porase malo e el terá que atender os paxaros, e hai outras moitas cousas que coñecer neste libro.